



Comunicación

As novas mordazas da información

03/05/2010 - A.L.

Fonte: <http://www.galiciae.com/nova/53015.html>

Data descarga: [11-9-2012]

Reportaxe: *As novas mordazas da información*

Etiquetas: Día Libertad Expresión, censura, periodismo, comunicación

A.L..

Os tempos nos que os xornalistas se erixían en estandartes da liberdade de expresión semellan ter pasado. A difuminación da censura, que non a súa desaparición, a progresiva perda de compromiso social das empresas de comunicación e a precarización dos traballadores dos medios dan lugar a que esa liberdade de expresión sexa na actualidade cando menos cuestionada.

Así, dúas persoas que sufriran a censura e as represalias polas súas ideas e o seu compromiso, xa nestes tempos posteriores á Transición, son as xornalistas Tareixa Navaza e Isabel Quintairos, que recentemente participaron nunhas xornadas dos Comités na Coruña precisamente para falar da censura e as presións que rixen os medios, e que nós quixemos traer até o presente este 3 de maio, o día que a Unesco quixo dedicarlle á unha esquecida Liberdade de Expresión.

A vida de ambas as dúas estivo dedicada ao xornalismo e a súa traxectoria fainos ver que si houbo unha evolución nos medios dende os tempos da censura durante a dictadura de Franco, aínda que se está lonxe de poder afirmar que isto queira dicir que desapareceran as mordazas. O certo é que se transformaron.

Navaza fora condenada a que o se traballo fose non facer nada trala lectura de treitos de 'Sempre en Galiza' durante a retransmisión para RTVE da traída dos restos de Castelao e a súa solidariedade cos obreiros que sufrían a reconversión naval. A Quintairos non a quixeran readmitir na súa empresa pola súa orientación ideolóxica e sexual.

Tareixa Navaza cre que a día de hoxe "non se entende a liberdade de expresión". Rememora que cando ao día seguinte da súa retransmisión dende San Domingos de Bonaval unha persoa "de certo renome" a calificou como "terrorista" dende un xornal, mais a súa ollada tamén axexa a actualidade e asegura que "a cidadanía non está ben informada". Así, lamenta que no sistema mediático actual "non ten cabida a entrevista que lle fixeron na TV3 a Marxeo Otamendi", ex director de Egunkaria, unha entrevista que pon "os pelos de punta" e que amosa a dignidade dun xornalista.

Autocensura e censura

Navaza carga tamén conta a formación que reciben os estudantes, a cal cre que leva cara á autocensura. "Alumnos de

Xornalismo me contaban que na facultade lles dicían que non podían ser críticos, porque de selo nunca atoparían traballo. Como podes dicirle iso a un futuro xornalista?", denuncia.

E á autocensura hai que sumarlle tamén a censura. Houbo cambios de métodos e de tamén trocaron os protagonistas, mais o discurso dos grupos poderosos son os que se impoñen actualmente nos medios de comunicación, "ou alguén leu algunha vez sobre unha folga en El Corte Inglés?", indica Isabel Quintairos, "hai empresas nas que non pasa nada".

Subvencións que atan

"Os medios de comunicación viven das subvencións institucionais. Mentres non as conseguen presionan, pero unha vez que a teñen desisten porque non están dispostos a perdela", sinala Navaza, quen califica de "terrible" a situación. Quintairos tamén ve nesta situación un límite para a liberdade de expresión, pois así "é moi doado atornillar un medio para que non diga, para que non faga, para que non fale".

Os cartos atan aos medios e estes aceptan as ordes de quen paga. "Hai censura e hai mezquindade", subliña Navaza, " a xente, salvo honrosísimas excepcións, non se vende por un prato de lentellas, véndese por unha lentella".

En todo este contexto, Quintairos fala da morte do papel social do xornalista. Convertiuse "nunha correa de transmisión de informacións pagadas" e vaticina que "acabará sendo un operario cualificado que corte e pegue, pero non haberá críticas nin haberá ideas". " Ese compoñente humano dunha persoa que analice a información e a conte como é debido está perdido para sempre", expón a xornalista.

Perda de compromiso social e precarización

Isabel Quintairos foi xornalista da COPE dende o ano 1987, cando aínda era Radio Popular "daquela unha radio progresista de marcado carácter social", explica ela. E indica tamén a clave que deu lugar á precarización do emprego de xornalistas nos últimos anos: a perda dun compromiso social por parte das directivas dos medios, quen pasan a pensar en termos de rendibilidade, o que repercute nas condicións laborais dos xornalistas.

"Hai unha xeración de xornalistas maior que a miña que lembra tempos de contratos moi bos, nos que se pagaba un domingo traballado como se tiña que pagar", lembra Quintairos. Pon como exemplo o sucedido na COPE e explica que arredor do ano 2000 as persoas comprometidas das equipas directivas desapareceron "para poñer no seu lugar executivos de man de ferro que descubriron que se podían usar os contratos precarios de moitos xeitos".

"Se fas contratos por tres horas e che traballan quince... é moi rendible!", expresa a ex xornalista dsa COPE. "Non entendo por que a xente máis nova decidiu un día que había que tragar con todo. Eu agardaba que fosen un pouco máis rebeldes".